



#### 4. PRINCIPIOS REITORES

O **Plan de Xuventude de Galicia** será o instrumento para acadar a transversalidade das políticas da Xunta de Galicia no ámbito da xuventude, como ata agora o era o Plan anterior. Este documento ten como finalidade mellorar a calidade de vida da xente nova, especialmente a través do acceso á información en materia xuvenil e mediante a participación activa dos mozos e mozas no desenvolvemento sostible, económico e social da Comunidade Autónoma de Galicia. A evolución que xorde da experiencia adquirida durante a posta en práctica das accións do anterior *Plan Xuventude 2013: unha estratexia para a mocidade galega*, trae consigo unha nova perspectiva á hora de establecer, como ferramentas necesarias para o bo desenvolvemento destes obxectivos, os principios reitores complementarios. Esta mellora defínese nunha clasificación máis específica dos aspectos sensibles que deben estar presentes en todo momento e lugar, agora máis ca nunca, adaptada aos cambios que a sociedade vai sufrindo e ás circunstancias do momento que estamos a vivir.

Os principios reitores que informan as prescricións da Lei de Xuventude de Galicia, de acordo co seu artigo 3, son perfectamente trasladables ao Plan Estratégico de Xuventude de Galicia, tal e como se expón a continuación

##### ⇒ PLANIFICACIÓN E INTEGRALIDADE

A planificación permite establecer previsións e ofrecer unha visión a medio, curto e longo prazo dos obxectivos a acadar coas diferentes accións contidas nas diversas medidas do plan.

O aspecto primordial a considerar é o coñecemento e apoio do contorno obxecto do noso cometido, a mocidade. Mediante a planificación, a elaboración do plan ten en conta todos os aspectos que inciden nas políticas a desenvolver de acordo coas medidas, cumprindo por tanto co principio de integralidade e abrangendo así a toda a xuventude, de xeito universal.



XUNTA DE GALICIA

#### ⇒ TRANSVERSALIDADE E COORDINACIÓN

Un dos obxectivos deste Plan de Xuventude de Galicia é o fomento da participación e consideración da mocidade en todos os aspectos da vida política, social, económica e cultural galega. O carácter transversal converte as políticas de xuventude nunha prioridade estratéxica para o conxunto dos departamentos que conforman a Administración. Isto achéganos a unha completa coordinación coas distintas consellarías da Xunta de Galicia e coas entidades que integran a Administración local, de cara a ofrecer unha resposta integral que engloba todas as áreas que afectan á xuventude.

#### ⇒ PARTICIPACIÓN E PLURALIDADE

A integración de todos os actores implicados nas políticas de xuventude na construción do Plan de Xuventude de Galicia favorece o deseño dun instrumento plural, que abrangue todos os ámbitos ideolóxicos, enxalza os valores democráticos, de solidariedade, de liberdade, convivencia e tolerancia e favorece o desenvolvemento da personalidade individual. Esta consideración garante a participación responsable da mocidade na programación e posta en marcha das distintas medidas programadas.

#### ⇒ UNIVERSALIDADE

A Administración desenvolve as medidas do Plan de Xuventude de Galicia como un exercicio de fomento da plena cidadanía, dirixido a toda a mocidade galega sen distinción por calquera circunstancia persoal ou social, xa sexa de sexo, etnia, idade, estado civil, ideoloxía, crenzas, orientación sexual ou outra. O desenvolvemento da autonomía persoal precisa deste equilibrio.

#### ⇒ IGUALDADE

Os anteriores principios atopan o seu significado último na garantía de equilibrio de oportunidades que a corrección das desigualdades supón. É intención dos organismos competentes prestar especial atención á discriminación por razón de sexo, ás situacións de marxinalidade e risco de



## XUNTA DE GALICIA

exclusión social, á promoción da lingua galega en garantía de equilibrio de oportunidades no uso das dúas linguas oficiais e aos desequilibrios territoriais existentes na nosa Comunidade. As medidas adoptadas na elaboración do plan manifestan unha constante preocupación neste senso.

### ⇒ ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A igualdade de oportunidades enténdese dende a consideración da diversidade e a diferenza física, de xénero, étnica, social, cultural, ou territorial. Neste senso, as diferentes accións contidas no Plan de Xuventude de Galicia deséñanse con directrices promotoras do valor da solidariedade na diversidade. A planificación, execución e avaliación destas actividades pretende o pleno exercicio dos dereitos sociais da mocidade galega, coas súas particularidades, integrando mediante a consideración desas especificidades persoais a todos os perfís que conforman o colectivo. A finalidade é a formación dunha sociedade futura conformada por individuos autónomos e socialmente participativos, que enriquezan o panorama social, político e cultural da nosa comunidade constituíndo unha cidadanía activa.

### ⇒ EMANCIPACIÓN

A mellora da calidade de vida da xente nova, intención do Plan de Xuventude de Galicia, implica a mellora das condicións básicas en materia de formación e educación, economía e emprego, que mitiguen a situación actual de atraso na emancipación dos mozos e mozas galegos, así como un cambio social que propicie un contorno adecuado no que poidan darse estas condicións. A normalización da idade de emancipación da xuventude producirá, ademais dos beneficios directos e obxectivos, un aumento dos recursos creativos e culturais motivado pola oportunidade de mellora na calidade de vida e polo fomento da súa autonomía persoal e económica.



#### ⇒ PROXIMIDADE

A proximidade dos centros de toma de decisións ao contorno xuvenil trae consigo unha maior especificidade e adaptación á hora do deseño de políticas en materia de mocidade, axeitadas a cada territorio e a cada colectivo. É por isto que se integran no proceso de elaboración deste documento todos os actores relacionados coas políticas xuvenís dende distintas escalas territoriais, e se deseñan medidas específicas en función das particularidades observadas no ámbito ao que se destinan.

#### ⇒ INFORMACIÓN E FORMACIÓN CONTINUA

Unha boa acollida deste Plan de Xuventude de Galicia, mediante o coñecemento que a información proporciona, garante a participación da xente nova no seu desenvolvemento. Este principio é extrapolable a todos os ámbitos da vida, posto que a información é a base do coñecemento. O acceso universal á sociedade da información e á aprendizaxe social, tratándose dunha información e ensino de calidade, son aspectos clave que preocupan e aos que o plan presta especial atención.

#### ⇒ EFICACIA E EFICIENCIA

A incorporación da obriga de elaborar unha memoria económico - financeira que avalíe adecuadamente os custos da formulación do plan garante a súa viabilidade efectiva, minimiza os custos implicando o emprego dos mínimos recursos posibles e racionalizando os medios materiais e humanos, evita duplicidades e implica o deber das administracións públicas de acadar os obxectivos marcados. Este principio é primordial, hoxe máis ca nunca, de cara á optimización dos recursos existentes e a unha conciencia social activa.



## 5. METODOLOXÍA

A estrutura do **Plan Estratégico de Xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020. “Xuventude 2016”** elabórase segundo o previsto na *Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia*. Xa para o seu deseño se aplican os principios reitores anteriormente citados. Neste senso, solicítase, para a elaboración do documento, a colaboración efectiva das entidades de participación xuvenil e da propia poboación nova, a través de procesos participativos estruturados, posibilitando así a corresponsabilidade da mocidade na posta en marcha das diferentes medidas das administracións públicas dirixidas á xuventude.

As fases de elaboración deste documento desenvólvense como segue:

1. ESTUDO DOCUMENTAL. Previamente á redacción do documento, pártese dunha revisión da bibliografía existente relacionada coa materia, da cal se encarga o grupo de traballo designado pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e constituído para coordinar o **Plan Estratégico de Xuventude de Galicia**. Partese da análise do marco normativo a respectar, así como da documentación programática existente, que son de igual forma imprescindibles para definir as pautas estruturais e de deseño. Neste senso, é a propia *Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia*, a que vertebra o plan en 11 eixes de acción ou sectores básicos de transversalidade:



## XUNTA DE GALICIA

- ⇒ Xuventude e educación.
- ⇒ Xuventude e emprego.
- ⇒ Xuventude, creatividade e espírito emprendedor.
- ⇒ Xuventude e vivenda.
- ⇒ Xuventude, saúde e deporte.
- ⇒ Xuventude, participación e asociacionismo.
- ⇒ Xuventude e voluntariado.
- ⇒ Xuventude, información e formación.
- ⇒ Xuventude, mobilidade e turismo.
- ⇒ Xuventude e dinamización lingüística.
- ⇒ Xuventude e igualdade

2. **INFORMACIÓN.** Priorizando os principios reitores anteriormente enumerados de integralidade, transversalidade e coordinación, infórmase ao Comité da metodoloxía de elaboración co fin de desenvolver un documento aberto e participativo. Para elo, transmitense as ferramentas a empregar para a recompilación de información dos diferentes membros do Comité.

3. **PARTICIPACIÓN TRANSVERSAL.** A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado solicita aos distintos representantes do Comité Galego de Políticas de Xuventude a información sobre as medidas que cada consellaría incluíría no plan, a través da seguinte ficha:



# XUNTA DE GALICIA

<b>CONSELLERÍA OU DEPARTAMENTO</b>			
<b>Órgano Directivo Responsable e que promove a actuación</b>			
<b>DENOMINACIÓN do Programa/Medida/Actuación</b>			
<b>BREVE DESCRICIÓN</b>			
<b>OBXECTIVOS PREVISTOS:</b> (xerais e específicos), no seu caso.			
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>		<input type="checkbox"/> 2014 <input type="checkbox"/> 2015 <input type="checkbox"/> 2016	
<b>LOCALIZACIÓN</b>		<input type="checkbox"/> Toda a comunidade Provincia de: <input type="checkbox"/> A Coruña <input type="checkbox"/> Lugo <input type="checkbox"/> Ourense <input type="checkbox"/> Pontevedra	
<b>PERSOAS DESTINATARIAS/PERSOAS BENEFICIARIAS</b> Indicar o grupo ou colectivo destinatario e a cantidade (aproximada no seu caso) de persoas beneficiarias con idade comprendida entre os 12 e os 30 anos.	<b>ANO</b>	<b>IDADE</b>	<b>Nº PERSOAS DESTINATARIAS</b>
	2014		
	2015		
	2016		
<b>ORZAMENTO ESTIMADO e PROGRAMA e PARTIDA ORZAMENTARIA</b>	<b>ANO</b>	<b>PROGRAMA</b>	<b>PARTIDA</b>
	2014		
	2015		
	2016		
<b>OUTROS DATOS DE INTERESE</b> (indicar se é unha acción novidosa que se realiza por primeira vez, se ten especial implicación para a mocidade, etc...)			

Ilustración 1. Ficha individualizada para a recollida de información.

4. EXPOSICIÓN PÚBLICA. Elabórase un borrador do Plan Estratégico de Xuventude de Galicia, para a súa exposición pública de cara a que as asociacións ou entidades relacionadas que o precisen realicen as oportunas alegacións. Se concedeu un prazo dun mes para a realización de achegas (18 de novembro-18 de decembro). Paralelamente realizáronse varios workshops para explicar o Plan e recoller as suxestións das persoas participantes. Dende o 9 ata o 21 de decembro, o persoal da Rede Galega de Dinamización Xuvenil levou a cabo 13 encontros de traballo aos que asistirón arredor de 370 mozos e mozas, membros de asociacións e entidades xuvenís, de organizacións políticas



xuvenís, escolas de tempo libre, representantes de concellos, informadores xuvenís...

Se da traslado do borrador a todos os concellos galegos, ás entidades do censo de entidades xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, aos grupos informais de mozos e mozas, ás OMIXs, ás escolas de tempo libre e a todos os mozos e mozas inscritos na base de datos da DX de Xuventude e Voluntariado.

Froito deste proceso de consulta e debate recibíronse 70 achegas, ás que se lle dou resposta e, na medida do posible, foron trasladadas ao texto definitivo do Plan.

5. **REDACCIÓN DEFINITIVA.** Presentado o borrador e negociadas as alegacións xurdidas no período destinado a tal efecto, procédese á redacción final deste Plan de Xuventude de Galicia que estamos a tratar. Xunto co Plan, incorpórase unha memoria económico – financeira co fin de avaliar os custos da súa formulación e garantir a súa viabilidade efectiva.
6. **TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA.** Logo dos informes preceptivos, se elevará o documento ao Consello da Xunta para a súa aprobación, de acordo coas previsións da Lei 6/2012, do 19 de xuño.
7. **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.** Unha vez posto en marcha o Plan de Xuventude de Galicia, anualmente realizarase un seguimento do plan, que será presentado ao Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia e ao Comité Galego de Políticas de Xuventude. Este informe de seguimento será a base para a avaliación da eficacia e eficiencia que progresivamente a posta en marcha do Plan está a ter.

Na súa formulación, o Plan adopta as medidas necesarias para garantir o seu control, seguimento e avaliación.





## 6. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O informe da UE sobre a xuventude 2012, redactado ao final do primeiro ciclo da *Estratexia da UE para a Xuventude (2010-2018)*, avalía os resultados neste prazo e incorpora propostas de novas prioridades que se aplicarán durante o período 2013-2015. Este documento pide que o emprego, a inclusión social, a saúde e o benestar da mocidade sexan no futuro inmediato as máximas prioridades da política de xuventude en Europa.

A *Estratexia Europa 2020* sinala os obxectivos xerais seguintes:

- Reducir o abandono escolar prematuro ao 10% e elevar a porcentaxe de mozos e mozas con titulación de grao superior ou equivalente ao 40%.
- Aumentar a taxa de emprego dos 20 aos 64 anos ata o 75%, sendo primordial reducir o alto nivel de desemprego xuvenil.

En consonancia con estas premisas, sendo conscientes e sensibles á situación social e socioeconómica da xuventude galega e tendo en conta os principios de transversalidade e coordinación, a elaboración e posta en marcha deste **Plan estratéxico de Xuventude de Galicia** persegue como obxectivos estratéxicos:

1. *Diagnosticar* a situación da mocidade galega e realizar unha análise derivada dos datos obtidos, onde se propoñan solucións aos principais problemas e necesidades da xuventude de Galicia.
2. Servir de *instrumento para a toma de decisións políticas*, elaborando as liñas estratéxicas e articulando as actuacións prioritarias públicas en materia de xuventude.



## XUNTA DE GALICIA

3. Establecer unha *metodoloxía de traballo transversal* que sexa a referencia para o resto das consellarías da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para as entidades de Administración local de Galicia.
4. Facilitar a *avaliación da efectividade* das medidas adoptadas no desenvolvemento das políticas de xuventude, a través de sistemas de indicadores e cadros de mando.



## 7. EIXOS DE ACCIÓN

Tendo en conta os sectores básicos de transversalidade recollidos na Lei de Xuventude de Galicia do 19 de xuño de 2012 as medidas e actuacións a realizar, para o período de vixencia do Plan, polos distintos organismos da Xunta de Galicia clasificaranse en funcións de once eixos de acción:

- ⇒ EIXO 1. Xuventude e educación.
- ⇒ EIXO 2. Xuventude e emprego
- ⇒ EIXO 3. Xuventude, creatividade e espírito emprendedor
- ⇒ EIXO 4. Xuventude e vivenda
- ⇒ EIXO 5. Xuventude, saúde e deporte
- ⇒ EIXO 6. Xuventude, participación e asociacionismo
- ⇒ EIXO 7. Xuventude e voluntariado
- ⇒ EIXO 8. Xuventude, información e formación
- ⇒ EIXO 9. Xuventude, mobilidade e turismo
- ⇒ EIXO 10. Xuventude e dinamización lingüística
- ⇒ EIXO 11. Xuventude e igualdade.



Taboa resumo de obxectivos operativos e medidas distribuídas por eixos.

	<b>Obxectivos operativos</b>	<b>Medidas</b>
Eixo 1. Xuventude e Educación	8	37
Eixo 2. Xuventude e Emprego	5	38
Eixo 3. Xuventude, creatividade e espírito emprendedor	4	22
Eixo 4. Xuventude e vivenda	2	7
Eixo 5: Xuventude, saúde e deporte	5	26
Eixo 6: Xuventude, participación e asociacionismo	5	36
Eixo 7: Xuventude e voluntariado	3	10
Eixo 8: Xuventude, información e formación	7	27
Eixo 9: Xuventude, mobilidade e turismo	5	20
Eixo 10: Xuventude e dinamización lingüística	2	11
Eixo 11: Xuventude e igualdade	2	6
	48	240